

AXENDA

Prezada comunidade:

Para os que non puidestes asistir o luns nin presencial nin virtualmente ao workshop ECOBAS sobre o **modelo de transferencia e innovación** do noso Centro, xa temos dispoñible a grabación da sesión. O persoal permanente interesado pode obter acceso dirixindo un correo a comunicacion@ecobas.gal.

Repasamos a continuación as inminentes citas en axenda, retazos da actualidade da nosa comunidade, convocatorias abertas e máis anuncios que agardamos sexan do voso interese. Apertas!

MÉRCORES
24/01

>>> **RETOS E COMPROMISOS FRONTE Á CRISE CLIMÁTICA**

A colaboración e a cooperación entre os distintos centros de coñecemento é clave para a búsqueda do progreso da sociedade. Baixo esta perspectiva, a directora científica de ECOBAS participa hoxe **ás 12:00 h** no encontro organizado polo CRETUS para abordar o estado da cuestión climática tras a recente celebración da COP28.

XOVES
25/01

>>> **XORNADA: O PAPEL DAS COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS NO PROCESO DE TRANSICIÓN ENERXÉTICA**

Varios integrantes de ECOBAS tomarán parte mañá na xornada que co-dirixe a nosa compañeira María Celia López Penabad para abordar a transición enerxética no ámbito local.

- De **9:30 a 13:30 h e de 15:30 a 18:00h**
- **Encontro presencial:** Facultade de Dereito da USC - (Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n - Santiago de Compostela)

XOVES
25/01

>>> **SEMINARIO FIREC ABERTO A MEMBROS ECOBAS**

Lembramos que esta sesión ONLINE do Foro de Intercambio de Coñecemento sobre Residuos e Economía Circular (FIREC) que dirixe J. José Pernas está **aberta á participación das persoas investigadoras membros de ECOBAS.**

- ONLINE de **16:30 a 18:00 h**
- Enlace ao estudo
- **Inscripcións:** as persoas membro de ECOBAS que o desexen deben remitir directamente correo a itziar.sobrino@udc.es

ACTUALIDADE



>>> JORDI J. TEIXIDÓ, INVESTIGADOR VISITANTE EN ECOBAS

Doutor en Economía e profesor asociado do departamento de Econometría, Estatística e Economía Aplicada da Barcelona School of Economics, Jordi J. Teixidó inicia unha breve estadia como investigador visitante en ECOBAS o vindeiro 26 de xaneiro.

Situado na intersección entre a política climática, a economía da desigualdade e a economía ambiental, dende un punto de vista macro, centra o seu interese en desentrañar como a economía global actual dá forma á distribución dos recursos naturais entre os países e, á súa vez, como esta distribución dos recursos naturais dá forma á gobernanza ambiental global e ao desenvolvemento económico.

Dende una perspectiva máis micro, as súas investigacións inclúen a avaliación de políticas ex post, novamente con especial énfase nos impactos distributivos das políticas ambientais. De particular relevancia nesta área resulta a análise de como as políticas ambientais (impostos ao carbono e sistemas de comercio de emisións) impactan diferencialmente nos fogares en función do seu estatus económico.

DIVULGACIÓN: FALAMOS DE TRANSFERENCIA




“Despois de estar vivos, que é o primeiro que temos que facer, a seguinte cuestión é vivir ben, que é ao que contribúen as Ciencias Sociais e as Humanidades”. Con estas verbas, tan sinxelas coma elocuentes, a nosa compañeira Isabel Neira, explicou onte no programa Convivir da Radio Galega cal é o valor das Ciencias Sociais.

A modo de exemplo, o Chat GPT sería un exemplo visible dos cambios e as transformacións que están a acontecer ao noso arredor, pero “hai moita necesidade de entender o que está detrás do desenvolvemento e do progreso”, e por iso Isabel lembra que o papel de disciplinas como a Psicoloxía, a Socioloxía, a Economía, a Empresa, é fundamental para a sociedade.

Na súa intervención na radio pública Isabel fixo fincapé en que “temos que falar o idioma da divulgación, hai que explicar á sociedade o que facemos na comunidade científica” onde, ademais de deseñar algoritmos, “temos que asegurar que iso sirva para algo”. Por iso en ECOBAS estamos a deseñar un catálogo de transferencia que nos permita entender, e dar a entender, a sociedade que estamos a facer.

O audio do programa Convivir emitido onte (22/01/24) está accesible [no seguinte enlace](#), onde poderedes escoitar a entrevista completa a Isabel Neira (minuto 38'00" ata 47'30").



ACTUALIDADE / CONVOCATORIAS ABERTAS



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

MAPA DE APOIOS DE GAIN




A Axencia Galega de Innovación - GAIN vén de publicar o seu mapa de apoios 2024, unha guía práctica que reúne a vista de paxaro toda a información útil sobre os distintos programas de axudas en función dos beneficiarios e coa previsión de calendario para cada un deles.

Podes consultala directamente [premando neste enlace](#).

AXUDAS SALVADOR DE MADARIAGA 2024



- Destinatarios: persoas que estando en posesión do título de licenciado, grao e mestrado en materias xurídicas, económico-empresariais, político-sociolóxicas ou de humanidades, queiran realizar o doutoramento no Instituto Universitario Europeo de florencia, nalgún deses países.
- Número: **12 axudas** para **contratos predoutorais** por periodo **máximo de 4 anos**.
- Prazo de solicitudes: **ata o 31/01/24**
- Accede aquí aos detalles da convocatoria



PROXECTOS DE XENERACIÓN DE COÑECEMENTO 2023



- Obxecto: financiar a realización de **proxectos de investigación dirixidos tanto a fomentar a xeneración e o avance significativo do coñecemento científico** e a investigación de calidade contrastada como a **avanzar cara a búsqueda de solucións aos desafíos da sociedade**. Asimesmo, se poderán financiar actuacións encamiñadas á **formación de persoal investigador predoutoral** mediante a realización dunha tese doutoral asociada aos proxectos de investigación mencionados.
- Prazo único de presentación de solicitudes: **ata o 30/01/24 ás 14:00 horas** (CET)
- Preme neste enlace para consultar a información completa da convocatoria

PROXECTOS EN COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA 2023



- Obxecto: apoio a proxectos de desenvolvemento experimental en cooperación entre empresas e organismos de investigación, co fin de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a aplicación empresarial de novas ideas e técnicas, e contribuir á creación de novos produtos e servizos.
- Prazo: **ata o 20/02/24**
- Preme neste enlace para consultar a información completa da convocatoria

ACTUALIDADE /
CONVOCATORIAS
ABERTAS




[PROGRAMA PRISMAS Y PROBLEMAS | FUNDACIÓN BBVA](#) 



Obxecto da convocatoria: capturar e xenerar o mellor coñecemento para construír enfoques innovadores para o **tratamento de cuestións da maior relevancia social e medioambiental**. Concederanse axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos aplicados e interdisciplinares nos seguintes problemas:

- Ciclo da auga en España, usos e xestión
- Conservación de ecosistemas críticos en España
- Valores, regulación e aplicación da Intelixencia Artificial
- Dixitalización e dispositivos móbiles no ensino
- Modelos educativos e resultados
- Mocidade: empleabilidade, acceso á vivenda e relacións interpersoais
- Violencia de xénero: análise comparada
- Democracia e Estado de Dereito en Europa



Prazo de presentación de proxectos: do 15/01/2024 ao 30/04/2024 ás 12:00 h (CET)

OPEN CALLS




10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics

A Toxa, Galicia (Spain)
20 and 21 June 2024

10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS

Os días 20 e 21 de xuño de 2024 terá lugar na illa de A Toxa a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE.

- [Call for papers](#). Data límite: **01/05/2024**.
- [Programa do evento](#)



>>> DIGITAL MEDIA DATA IN ENVIRONMENT AND DEVELOPMENT ECONOMICS

A revista [Environment and Development Economics](#) ten aberta a súa chamada para un número especial sobre datos en medios dixitais da economía ambiental e do desenvolvemento.

- Data límite: **31/01/24**
- Publica: Cambridge University Press, en colaboración co Beijer Institute of Ecological Economics e a Royal Swedish Academy of Sciences

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN ERNESTO VIÉITEZ CORTIZO

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) convoca a trixésimo terceira edición dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo para “recoñecer a investigación de maior nivel desenvolto en Galicia”.

- Destinatarios: persoas investigadoras que presenten un traballo realizado total ou parcialmente en universidades e centros de investigación de Galicia.
- Dotación: **6.000 €**
- Prazo presentación candidaturas: **15/02/24**



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

XI Conference of the Spanish-Portuguese Association of Natural and Environmental Resource Economics (AERNA)

4th - 6th September, 2024
Nova School of Business and Economics, Carcavelos, Portugal

XI AERNA CONFERENCE

A Asociación hispano-portuguesa de Economía dos Recursos Naturais e Ambientais (AERNA) celebra a súa XI Conferencia do 4 ao 6 de setembro do 2024 en Carcabelos (Portugal) e ten aberta a chamada para o envío de traballos sobre asuntos relevantes no seu eido:

- Data límite: **18/03/24**
- Organizan: [AERNA](#) e [Nova School of Business and Economics](#)

COMUNICACIÓN CIENTÍFICA



[VIII CONCURSO DE PITCHES DE INVESTIGACIÓN 2024](#)

Este concurso do Grupo Compostela de Universidades premiará aqueles *pitchs de investigación* que mellor cheguen a un público xeralista e transmitan a relevancia do proxecto no que se está a traballar, así como a súa contribución á sociedade.

Destinatarios: persoal investigador das universidades socias do GCU que acredite unha das seguintes condicións

- Estar integrado nun grupo de investigación dunha universidade socia do GCU.
- Estar matriculado nun programa de doutoramento dunha universidade socia do GCU.
- Ser beneficiario dunha bolsa de investigación concedida por unha universidade socia do GCU durante a presente edición.

Premios (suxeitos a retención fiscal):

- 1º premio: 1.000 euros brutos.
- 2º premio: 600 euros brutos.
- 3º premio: 300 euros brutos.

Prazo presentación candidaturas:
ata o **29 de febreiro de 2024** ás
12:00 h (CET)

[Accede aquí ás bases da convocatoria](#)



[MONÓLOGOS CIENTÍFICOS](#)

Continúa aberto o prazo para presentar o teu monólogo científico ao certame **Sólo de Ciencia (SdC)** organizado pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT).

Se tes alma de monologuista ou che apetece probar a mergullarte nunha experiencia nova diante da cámara, consulta aquí as [normas de participación](#).

- Prazo presentación de vídeos ao certame:
31/01/24 ás 13:00 h

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

